

## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Luís Seoane do 25/09/1970**

**Colección:**

**Data:** 25/09/1970

**De:**

Valentín Paz-Andrade;

**Para:**

Luís Seoane;

**Orixe:**

Nova York (local), Nova York (estatal), EEUU (nacional)

**Orixe:**

Policarpo Sanz, 22 (de enderezo), Vigo (municipal), Vigo (comarcal)

**Destino:**

Nova York (local), Nova York (estatal), EEUU (nacional)

**Destino:**

Montevideo, 1985, 13º (de enderezo), Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada con firma autógrafa e co membrete:] V. Paz-Andrade / Abogado / Policarpo Sanz, 22. Tel. 211562 / Vigo

**Mencionados:**

Isaac Díaz Pardo; Alfonso Paz-Andrade; Pilar Rodríguez de Prada; Maruxa Seoane; Ramón Tamames; J. B. Terceiro;

---

## **Transcrición da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Luís Seoane do 25/09/1970**

Vigo, 25 de setiembre de 1970

Sr. Don  
Luis Seoane  
Montevideo, 1985 - piso 13  
Dept. 68  
BUENOS AIRES

Querido Luis:

Recibín a tua cariñosa carta do 14, no Policlínico de “La Rosaleda”, en Sant Yago. Alí estuven internado dúas semáns longas, recibindo os auxilios da cencia e a cordialidade dos amigos, que non deixou de latexar baixo da bata branca. Isaac estivo con nos, amigo de cabeceira, nos dous primeiros domingos dos tres que pasamos no Sanatorio. Xa te darás conta de que n-un caso como o meu chegada o nivel da melloría franca, non acerta un a saber se foi pol-a propia cobiza de vivir, ou foi porque as cadeas cordiaes a outros corazóns xurgidas non deixaron que o d-un esmorecera.

Non teño noticias recentes de Tamames e o seu grupo. Mandeille o orixinal e anexos da conferencia que din con eles o 10 de abril, no curso da Caixa d-Aforros de Vigo. Durante o mes de agosto, e parte de setembro deberon estar en Cuba, Tamames e Terceiro dando conferencias. Non teño dubida de que o teu proxecto terá conquistado o veredicto mais favorable, aínda que o xuicio definitivo corresponderá seguramente a orgaos oficiaes, nos que pouca intervención ou ningunha teran os nosos amigos.

Nada me sorprende de canto me dis en relación coa conmemoración do Día de Galiza. Tiñamos todos por descontado o que pol-o visto aconteceu.

Xa que me falas do libro, direiche que aínda sendo voluminoso e tamén no precio, bateu o recor de vendas. Somentemente en Galiza levan colocados os editores máis de 2.000 exemplares en dous meses e medio. Xa te darás conta de que dada a materia do libro e o precio –224 ptas.–, en Galiza tiveron que cambiar moitas cousas pra que se poida rexistrar un feito económico social de ésta natureza.

Estamos en Samil dende hay dous días. Supoño que a convalecencia durará 15.

Recibe con Maruxa, de Pilar e Alfonso e miña, a mais cordial aperta do teu incondicioal amigo,

Valentín

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.